

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 23

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 23 de DECEMBRO de 2019, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (Acta ordinaria do 30.10.2019).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento do Concello para o ano 2020. Expte. 62/142 (Rexistro Pleno 2274/1101).

PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA, EDUCACIÓN E XUVENTUDE

- 3.-** Aprobación da Modificación da cláusula segunda do convenio de colaboración asinado en data 26.12.17, polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e do Concello para incrementar as achegas económicas para as anualidades do 2020 e 2021. Expte. 1650/110 (Rexistro Pleno 2266/1101).

Mocións:

- 4.-** Moción do concelleiro membro non adscrito polo impulso de políticas de creación de emprego digno en Galiza que favorezan o retorno das persoas emigradas. Rexistro Pleno 2279/1101.
- 5.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Ministerio de Fomento e a ADIF a incluír como prioritario a conexión do Corredor Atlántico de Mercadorías co trazado A Coruña-Vigo-Ourense-León e a conexión con Portugal a través de Vigo. Rexistro Pleno 2282/1101
- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno da Xunta de Galicia a que asuma o financiamento íntegro do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle son propias. Rexistro Pleno 2284/1101

- 7.- Moción do grupo municipal Socialista reprobando a cobertura realizada pola TVG no momento do acendido das luces de Vigo do pasado 23 de novembro, ao impedir que os espectadores da televisión pública galega puidesen contemplar esas imaxes. Rexistro Pleno 2286/1101.
- 8.- Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a deixar de remitir a este Concello as liquidacións referidas ao réxime de cofinanciamento para escolas infantís e centros de día, xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Rexistro Pleno 2287/1191.
- 9.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a garantir unha asistencia sanitaria axeitada aos veciños/as de Bouzas no centro de saúde de Bouzas, recuperando o proxecto comprometido en 2008. Rexistro Pleno 2288/1101.
- 10.- Moción do grupo municipal Socialista manifestando recoñecemento e agradecemento ao goberno de España, polo labor realizado polo M^o de Fomento e por ADIF, ao conseguir a inclusión de Vigo e o seu Porto no Corredor Atlántico. Rexistro Pleno 2289/1101.

PARTE DE CONTROL

- 11.- Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 697/1102 (Rexistro Pleno 2280/1101).
- 12.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 698/1102 (Rexistro Pleno 2281/1101).

Mocións.

- 13.- Moción do grupo Mixto instando ao Concello de Vigo a cubrir a Oferta educativa e fomentar o correcto funcionamento da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. Rexistro Pleno 2283/1101.

14.- Formulación de rogos.

15.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E TRES, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.